

## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José  
Caparrini Marín, Natalia  
Cidrás Piqué, José  
Lago Ferreiro, Alfonso  
Lesmes Romero, Yolanda  
López Nores, Martín  
Pozo Triviño, María Isabel del  
Reboreda Morillo, Susana  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Rodríguez Rajo, Francisco Javier  
Rubio Armesto, Belén

### DECANOS/DIRECTORES

Álvarez González, Susana  
Cid Fernández, Xosé Manuel  
Cruz González, Montserrat  
Currás Valle, Consuelo  
Díaz Redondo, Rebeca Pilar  
Formella, Arno  
García Fontán, María Soledad  
Peña Gallego, María de los Ángeles  
Rodríguez Domínguez M<sup>a</sup> del Mar

### PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada  
Araujo Nespereira, Pedro Antonio  
Durán Barbosa, Rafael  
López Ardao, José Carlos  
Montero Reguera, José Francisco  
Paz Penín, María Concepción  
Ruiz Hidalgo, Carmen

### PDI-B

Barreiro Rodríguez-Moldes, M<sup>a</sup>  
Covadonga

### ESTUDANTES

#### PTXAS

Mollinedo Lois, Carlos

### CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio  
Larriba Leira, Elvira  
Pedrosa Silva, Ernesto

### SINDICATOS

Cuevas Alonso, Miguel  
Ríos Santomé, M<sup>a</sup> José

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Álvarez Álvarez, Salomé  
García Cutrín, Francisco Javier  
López Mira, Álvaro Xosé  
Pazos Currás, Marta María  
Pérez Vázquez, M<sup>a</sup> Consuelo

Acta da sesión extraordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 30 de maio de 2024, convocada para ás 10:00 h. en primeira convocatoria e ás 10:30 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:30 do día 30 de maio de 2024 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente na Sala Manolo Ramos.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da modificación da normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios e ás categorías de Profesorado Permanente Laboral e Profesorado Axudante Doutor.
2. Aprobación, se procede, da extinción do Máster Universitario en Xestión do Desenvolvemento Sostible.

- 1. Aprobación, se procede, da modificación da normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios e ás categorías de Profesorado Permanente Laboral e Profesorado Axudante Doutor.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado e Ordenación Académica, quen explica a modificación da normativa de acordo con 4 liñas de actualización:

- Composición das comisións de selección no caso de prazas de Profesorado Axudante Doutor.
- Cobertura normativa para prazas con actividade asistencial vinculada no Servizo Galego de Saúde.
- Previsión dun procedemento de urxencia.
- Rectificación dos criterios de áreas afíns.

#### Composición das comisións de selección no caso de prazas de profesorado axudante doutor

- Varios departamentos referiron dificultades para conformaren comisións de selección para o primeiro concurso de AXD.
- Na mesa de negociación do 27 de maio aprobouse:
  - Reducir o número de persoas nas propostas de comisións de 16 a 12.
  - Que sexa na COAP (non no Consello de Goberno) onde se decida sobre a pertinencia de eximir os membros das comisións dos requisitos referidos á categoría ou aos tramos de investigación esixibles.

---

Universidade de Vigo

#### Cobertura normativa para prazas con actividade asistencial vinculada no Servizo Galego de Saúde

- **Norma primeira:** «... o Sergas propondrá para formar parte das comisións persoas que deberán estar en posesión dos títulos de doutor/a e de especialista que se esixan como requisito para concursar.»
- **Norma segunda:** «... as propostas dos departamentos deberán recoller as persoas que asumirán a presidencia e a secretaría, e os seus respectivos/as suplentes, procurándose, na medida do posible, que pertencen á Universidade de Vigo, así como unha relación de catro (4) profesores/as alleos á Universidade de Vigo. O Sergas designará, de acordo coa normativa de aplicación, a outras catro (4) persoas para asumiren titularidade e suplencia de dúas vogalías.»
- **Norma terceira:** «... o sorteo determinará un/unha (1) vogal titular e un/unha (1) vogal suplente de entre as persoas alleas á Universidade de Vigo propostas polo departamento, e outros dous (2) vogais titulares e suplentes de entre as persoas propostas polo Sergas.»

---

Universidade de Vigo

## Cobertura normativa para prazas con actividade asistencial vinculada no Servizo Galego de Saúde

- **Norma cuarta:** «... a convocatoria dos concursos realizarase conxuntamente pola Universidade e pola institución sanitaria, e será asinada polo reitor/a da Universidade, que será a institución responsable da súa execución. »
  - **Norma sexta:** «No acto de presentación, as e os concursantes entregarán o curriculum vitae no que detallarán os seus méritos, historial académico docente e investigador e, de ser o caso, sanitario-asistencial, ...»
  - **Anexo I:** «Para prazas sen actividade asistencial vinculada, os méritos relativos ás categorías de “experiencia investigadora e de transferencia” e de “experiencia docente universitaria e de innovación pedagóxica” terán o mesmo peso, nunha marxe entre o 35 % e o 45 % do total da puntuación. »
- ✓ A Vicerexencia do Sergas deu o seu visto bo.

---

Universidade de Vigo

## Previsión dun procedemento de urxencia

- Na mesa de negociación do 27 de maio aprobouse que a COAP se pronuncie sobre o emprego dun **procedemento de urxencia**, tendo en conta as peticións motivadas que formulen ao respecto os departamentos e/ou a vicerreitoría.
  - **Constitución das comisións:** de 1 mes a 15 días hábiles.
  - **Convocatoria dos/as concursantes:** de 10 días hábiles a 5.
  - **Comezo das probas:** de 10 días hábiles a 5.
  - **Reclamacións:** de 10 días hábiles a 5.
  - Sen cambios nos prazos de presentación de candidaturas e de recursos.

---

Universidade de Vigo

---

## Rectificación dos criterios de áreas afíns

- Incorporación da aclaración feita na Resolución reitoral do 15 de maio de 2024:

- *«Ata a entrada en vigor da relación de especialidades de coñecemento á que se refire o Real decreto 678/2023, do 18 de xullo, e en consonancia co artigo 18.3 do Regulamento de profesorado (Claustro do 24 de xullo de 2012), as referencias ás especialidades de coñecemento contidas nesta normativa considerarán áreas afíns as relacionadas no apéndice II da Resolución de 18 de novembro de 2009, da presidencia da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI), pola que se establecen os criterios específicos en cada un dos campos de avaliación.»*

---

Universidade de Vigo

---

O reitor intervén para dicir que cre que se entende a urxencia, polo que solicita que se poida aprobar por asentimento.

Apróbase por asentimento.

## **2. Aprobación, se procede, da extinción do Máster Universitario en Xestión do Desenvolvemento Sostible.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen aclara o seguinte: Non se oferta nos cursos 2023/2024 e 2024/2025.

Acordo da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, do 3 de maio de 2024, no que se solicita a extinción do mestrado.

Procedemento:

- Aprobación no Consello de Goberno.
- Aprobación no Consello Social.
- Solicitud de revogación á Secretaría Xeral de Universidades para a súa aprobación no Consello Galego de Universidades de xuño de 2024.

Apróbase por asentimento.



O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:42 h. do día 30 de maio de 2024, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

A secretaria xeral